

ANUNCIO

PRIMEIRA ACTUALIZACIÓN LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN (GRUPO: A, SUBGRUPO: A2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN: XERAL/ESPECIAL, SUBESCALA: DE XESTIÓN/TÉCNICA) PARA O DEPARTAMENTO DE XESTIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE FENE.

Expedientes: 2023/G003/000240; 2020/G003/000126

Faise público que en data 22.03.2023 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 290/2023 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de María Elisa Gómez Ferreiro causando baixa definitiva na lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de técnico/a de xestión aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 115/2020.

SEGUNDO.- Actualizar a dita lista de aspirantes, quedando como segue:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI NÚM	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ROCA VÁZQUEZ, MARÍA	***4609**	7,25

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na web municipais.

CUARTO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente o día 23.03.2023 polo alcalde Juventino José Trigo Rey